

XOGO DE LINGUA GALEGA



DE QUE FALO?

Xa todos/as coñecedes este xogo, porque algunha vez o fixemos na clase de PROA. Por se alguén non o lembra ben, aquí tedes un resumo:

- Un dos xogadores elixe unha das imaxes da táboa. Debe dar dúas pistas sobre dito obxecto (cor, tamaño, uso...). O contrincante ten dereito a unha pregunta sobre a imaxe para decidirse e intentar adiviñala (so se pode responder cun si ou non).

Se queredes, podedes xogar con alguén da casa. Gaña o que adiviñe máis obxectos, sempre que os diga correctamente en galego.

Non obstante, a actividade que vos proponho facer na casa é a seguinte: escribir dúas pistas de entre 8-10 obxectos da táboa. Non tedes que facelas todas nun día. Podedes repartilas e facer dous obxectos, dous días á semana.

Pensádeas ben, que non sexan moi sinxelas e lembrade que é unha actividade de Lingua Galega, polo que deben escribirse en galego.

Cando nos volvamos a ver, imos usar as vosas pistas para xogar cos compañeiros/as.

Unha aperta!